

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/363/2013 E LAP/117/2013.- RESTAURANTE HOSTELERIA DOÑA ANA SLU.- Conceder as licenzas para obras de acondicionamento dun local para adicar á actividade de restaurante e a licenza municipal de actividade e instalación para restaurante nun local sito na Praza de Santo Agostiño, 7 – Rúa de Altamira, 15 desta cidade.

LIC/626/2014.- OYSHO ESPAÑA, S. A.- Conceder a licenza de obra para acondicionamento dun local sito na rúa doctor Teixeiro (do), 4-6 desta cidade.

LIC/1658/2013 E LAP/386/2013.- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S. A.- Conceder as licenzas de obras de reforma e legalización para a adaptación dunha estación base de telefonía móbil e a licenza municipal de actividade e instalación para a mesma na rúa Preguntoiro, 29 desta cidade.

LIC/817/2013.- JOSÉ JESÚS SILVEIRA BALEATO.- Conceder a licenza de obras para ampliación da planta baixa da edificación dun inmovible sito na rúa do Tambre nº 189 desta cidade.

LIC/1213/2014.- NUMAX S COOP. GALEGA.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma de local para sala de cine e librería en Compostela na rúa Concepción Arenal (de) nº 9 desta cidade.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de obras de acondicionamento local e de actividade e instalación para restaurante na Praza e Santo Agostiño, 7-Rúa Altamira, 15. (LIC/363/2013 e LAP/117/2013).

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de obras para acondicionamento de local na rúa Doutor Teixeiro, 4-6. (LIC/626/2014).

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenzas de obras de reforma e legalización para a adaptación dunha estación base de telefonía móbil e de actividade e instalación para a mesma, na rúa Preguntoiro, 29. (LIC/1658/2013 e LAP/386/2013).

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de obras para ampliación da planta baixa da edificación sita na rúa do Tambre, 189. (LIC/817/2013).

Autorizáronse obras para 4 actividades: o acondicionamento dun local para restaurante na praza de San Agostiño (nº 7) solicitada por Restaurante Hostelería Doña Ana SLU; outro acondicionamento de local para venda de lencería e corsetería na rúa Doutor Teixeiro (nº 4-6) da empresa Oysho España, S.A; unha terceira para rehabilitación de estación base de telefonía móbil na rúa Preguntoiro (nº 29) presentada por Telefónica Móviles de España, S.A.; e unha cuarta para ampliación de planta baixa nun establecemento de restaurante-parrillada na rúa do Tambre (nº 189).

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de local para sala de cine e librería na rúa Concepción Arenal, nº 9. (LIC/1213/2014).

Autorizouse a realización de obras de reforma dun local para sala de cine e librería, na rúa Concepción Arenal, nas proximidades da Sala Capitol. O proxecto, promovido pola entidade Numax Sociedade Cooperativa Galega, contempla un orzamento de execución material de 128.712 euros para actuar nunha superficie útil de 184 m², dos que 158 m² corresponden á planta baixa e 26 m². ao semisoto. O local ten un aforo estimado de 72 persoas e conta cun espazo de librería para a exposición de ata 3.200 volumes.

Segundo se recolle no propio proxecto, a sala de cine está orientada fundamentalmente á exhibición de cine de autor, cun concepto asimilable polo seu carácter e funcionamento a un "cineclub".

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas", na Rúa Galeras, (Fase I).

Por parte da Xunta de Goberno aprobouse o proxecto básico e de execución da rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" radicado na rúa Galeras. Trátase dunha primeira fase que conta cun orzamento de execución material de 241.985 euros e un prazo de execución previsto de 6 meses.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a informe sobre ampliación de horario solicitado pola Asociación Hostelería Compostela.

Acordouse informar favorablemente a ampliación do horario de peche formulada pola Asociación de Hostelería Compostela para os meses de decembro e xaneiro, en datas próximas e coincidentes coas celebracións do Nadal. A proposta da Asociación inclúe os días 5 e 6 de decembro (ponte da Constitución); 11, 12, 13, 18, 19 e 20 de decembro (datas de concentración das ceas de Nadal); 24, 25, 26 e 27 de decembro (fin de semana de Nadal), 30 e 31 de decembro (fin de ano) e do 1 ao 6 de xaneiro (semana de Reis). Nestas datas propónse a ampliación dunha hora do horario de peche, que actualmente está establecido con carácter xeral nas 5:30 horas para discotecas, 4:00 para pubs e 2:30 horas para os café-bar, coa ampliación de ½ hora nas noites de xoves a domingo, os festivos e as súas vésperas.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aprobación de orzamentos para ampliación de alumado público en Castro, Bando e Bando de Arriba.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aprobación de orzamento para instalación de alumado público na rúa Carmen de Abaixo dende do parque de Galeras.

Dentro das previsións establecidas no contrato de xestión e mantemento do alumado público, acordouse autorizar o investimento necesario para a instalación de novas luminarias na rúa Carme de Abaixo e na parroquia de Bando, nos lugares de Castro e de Bando de Arriba, cun investimento conxunto de 7.704 euros. Na parroquia de Bando colocarase unha luminaria no lugar de Castro; no lugar de Bando de Arriba serán 9 luminarias novas; na rúa Carme de Abaixo instalarase unha nova rede pública desde o parque de Galeras, no itinerario que discorre desde a rúa Entregaleras, na marxe do río Sarela próxima ao colexio de ensino infantil Raíña Fabiola.

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á prórroga de aluguer dun local na Rúa Torreira, nº 18.

Acordouse a prórroga do contrato de aluguer na rúa Torreira (nº 8), destinado a uso sociocultural no Barrio do Romaño, propiedade de Administracións Cancela, S.L., polo prazo de un ano ata o 31 de decembro de 2015. O importe mensual seguirá sendo o mesmo que o actual: 442 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á ampliación de prazo de xustificación de convenio coa Sala Capitol.

A Xunta de Goberno acordou emendar un erro detectado no convenio subscrito no pasado mes de outubro coa sala Capitol (por importe de 9.000 euros), procedendo a autorizar a súa modificación coa ampliación do prazo para a xustificación das accións incluídas nel, ata o vindeiro 29 de novembro de 2014.

14.- Proposta das concelleiras delegadas de Cultura e Patrimonio e de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación Provincial de A Coruña relativa a diversos programas.

16.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación de A Coruña, programa para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2014.

23.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á aprobación da solicitude de dúas axudas á Deputación da Coruña para o programa "Santiago Investors Support 2015" e para o equipamento da aula multiusos da Praza de Abastos de Santiago.

Resolveuse autorizar a petición de varias subvencións ao abeiro de distintos programas promovidos pola Deputación da Coruña para o ano 2015, por un importe conxunto de 154.931 euros:

Unha de **30.657 euros**, ao abeiro do programa de actividades culturais, para distintas actividades educativas e culturais desenvolvidas polos departamentos de Educación e de Centros Socioculturais.

Outra de **34.343 euros**, dentro do programa provincial para infraestruturas e equipamento cultural, dirixida a compra de instrumentos, mobiliario, material informático da **Escola Municipal de Música** e material audiovisual e informático para os **centros socioculturais**.

Unha terceira de **10.000 euros** para o mantemento da **Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela**.

Unha cuarta por importe de **14.931 euros**, ao abeiro dun programa de desenvolvemento de políticas de igualdade e loita contra a violencia de xénero, para deseño dunha **páxina web destinada á prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero**.

Unha quinta, de **50.000 euros**, dentro dunha convocatoria provincial de actividades de promoción económica en 2015, para contribuír nun 50% ao investimento preciso para o **programa "Santiago Investors Support 2015"** orientado a actividades formativas, obradoiros de maduración de proxectos, seminarios e patrocinios de eventos empresariais; así como encontros comerciais e formación continua.

E, finalmente, unha sexta solicitude de subvención, por importe de **15.000 euros**, para colaborar co 50% do custo previsto para o equipamento necesario para a posta en marcha da **Aula Gastronómica** da Praza de Abastos de Santiago

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a MAPIS.

Resolvéronse un total de 31 expedientes relacionados con medidas de apoio para a prevención e integración social (MAPIS):

-1 foi para anular unha prestación económica para manutención do pasado mes de outubro, por importe de 320 €, por comezar a persoa beneficiaria a percibir nese período a RISGA.

-Outros 20 expedientes supuxeron autorizar outras tantas percepcións para manutención no que resta de ano, por importe conxunto de 11.556 euros.

-7 expedientes resolvéronse coa aprobación de axudas para vivenda e aloxamento por importe total de 3.141 euros.

E nos 3 expedientes restantes aprobouse sufragar gastos excepcionais por importe conxunto de 870 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais (Deportes) relativa á modificación do convenio asinado entre o Club Arteal Tennis de Mesa e o Concello de Santiago.

A Xunta de Goberno acordou tamén aceptar a solicitude do Club Arteal de tenis de mesa, para modificar a asignación das cantidades recollidas inicialmente no segundo prazo do convenio asinado, sen que isto afecte á cantidade total establecida (os 5.000 euros do segundo prazo, dun total de 9.000 concedidos).

18.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais (Educación) relativa á aprobación de liquidación Programa Municipal de Conciliación Verán 2014.

Aprobouse a liquidación do programa municipal de conciliación de verán 2014, que contou con 120 participantes, que ofrece un saldo positivo de 20.110 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa ao expediente de modificación bases subvencións dinamización comercial 2014. Prazo xustificación.

Acordouse a modificación da base nº 12 da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial 2014, dotada con 45.000 euros e cuxa concesión de levou a cabo na Xunta de Goberno do pasado 31 de xullo, para ampliar o prazo de xustificación, pasando do 30 de novembro inicial ao 15 de decembro de 2014.

20.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á transmisión da caseta da praza de abastos número "NC185", a favor de dona Rosa María Sande Franco.

21.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á transmisión da caseta da praza de abastos número "NC162", a favor de dona María del Carmen Cardelle Leis.

22.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa ao traspaso da caseta da praza de abastos número "CE021", a favor de dona María Victoria Barreiro Ceruelo.

Resolvéronse 3 expedientes relacionados coa titularidade doutras tantas casetas na Praza de abastos. En dous casos trátase dunha transmisións de pais a fillos por xubilación e falecemento, en cada caso, e o terceiro expediente refírese a un traspaso por importe de 6.010 euros dos que a empresa xestora da praza recibe o 50%.

24 a 57.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativo a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica,

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 34 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais na súa maior parte referidos ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (27) e o resto ao imposto de vehículos de tracción mecánica (7).

58.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á Incoación de expediente sancionador contra a empresa PAZ-DISMAC, S.L., por cumprimento defectuoso do contrato "Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela".

Acordouse iniciar expediente sancionador á empresa que subministra consumibles de impresión para o Concello (Paz-Dismac, S.L.) por deficiencias na prestación do servizo contratado.

59.- Dar conta pola Asesoría Xurídica municipal de resolución adoptada polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais relativa á licitación Servizo de Axuda no Fogar do municipio de Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno foi informada dunha resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, no que se desestima o recurso presentado pola empresa Geriatros S.A.U. contra a súa exclusión do procedemento de contratación do "Servizo de Axuda no Fogar". O acordo do citado Tribunal levanta a suspensión do procedemento acordada cautelarmente. A resolución é definitiva na vía administrativa pero pode ser recorrida ante o TSXG no prazo de dous meses.

60.- Dación de conta da Asesoría Xurídica de pago de custas procesuais no Procedemento Abreviado 313/2012.

Deuse conta por parte da Asesoría Xurídica do pagamento de custas procesais, por importe de 500 euros, a favor de Unión de Distribuidores Electricidad S.A, por sentenza do 30 de decembro de 2013.